

A GUERRA FRÍA

1- Orixe: en 1947 cando USA empeza a tomar medidas ante a expansión da influencia soviética na Europa do Leste.

O **comezo da crise da alianza antinazi** é anterior á terminación da guerra. A cordialidade que presidiu a Conferencia de Teherán en novembro de 1943 empezouse a perder ó ano seguinte en 1944 xa que os británicos e norteamericanos non consultaron ós rusos a súa política respecto a Italia, e os rusos non consultaron respecto a Romanía, Bulgaria, e Polonia.

2- **Características fundamentais:**

2.1- Son conflitos localizados en terceiros países apoiados por un ou outro bloque, non se internacionalizan debido a experiencia das dúas G.M. É dicir, os dous bloques enfróntanse fóra dos seus países, en territorios doutros países.

2.2-Bipolarización: a partir de 1947 o mundo polarízase en dous bloques ou modelos sociais e políticos distintos que compiten entre si para gañar seguidores. Á iniciativa dun bloque sempre segue unha iniciativa alternativa do outro bloque:

Bloque occidental	Bloque oriental
Democracia liberal----- Liberdades individuais----- Pluralidade política----- Liberdade de mercado----- Propiedade privada-----	Democracia popular Sometemento das liberdades individuais ó ben común. Partido único: comunista. Economía planificada. Nacionalización dos bens de produción.
Doutrina Truman (1947): dereito de USA a axudar ós países que loitasen contra o comunismo	Doutrina Jdánov 1947: apoiar o desenvolvemento dos partidos comunistas en todo o mundo. Crease o Kominform (Oficina Internacional de Información Comunista)
Plan Marshall (1947): axudas que concedeu USA para restaurar a economía dos países devastados pola guerra.	Plan Molotov (1947) coordinado a través dun mercado común: COMECON
OTAN (1949) organización militar de axuda mutua en caso de agresión de terceiros países.	Pacto de Varsovia (1955) organización militar creada despois da entrada da República Federal Alemá na OT

3- Fases da guerra fría: 1947-1991.

3.1- 1947- 1962: “Máxima tensión”. Nesta etapa destacan catro grandes conflitos:

- Bloqueo de Berlín en 1948-1949 e creación de dúas partes de Alemaña: A República Federal Alemá (RFA) capitalista; e a República Democrática Alemá (RDA) comunista.
- Guerra de Corea entre 1950- 1953.
- Construción do muro de Berlín en 1961.
- Crise dos mísiles en 1962.

3.2- 1962-1985: “Coexistencia pacífica”. Caracterizada por unha baixada da tensión bélica e unha competencia no sector espacial. Destacan os seguintes feitos:

- 1963: instalación do teléfono vermello entre Moscova e Washington.
- Carreira espacial:
 - 1961: 1º voo espacial tripulado da URSS.
 - 1969: 1º home na lúa de USA.

3.3- 1985- 1991: Etapa final.

- Iníciase ca “Perestroika” rusa de Gorbachov.
- Continúa ca caída do muro de Berlín o 9 de novembro de 1989.
- E remata ca desaparición da URSS en 1991.

4 - Principais focos de tensión.

4.1- Oriente Medio: iniciase ca creación do Estado de Israel en 1948 que desencadeou un enfrontamento entre palestinos e xudeus. USA púxose a favor de Israel e a URSS a favor de Palestina.

4.2- Vietnam a guerra foi entre 1962-75. Vietnam do Norte foi apoiada pola URSS e por China, e Vietnam do Sur por USA. Estados Unidos retirouse e Vietnam converteuse nun Estado socialista.

4.3- Afganistán a guerra foi entre 1979-1989. Os comunistas afganos foron apoiados pola URSS, e a poboación musulmá por USA. A URSS retirase e Afganistán convertese nun país capitalista.